



Observatório para a Defensa dos Dereitos e Liberdades

## RESUMO DE NOTÍCIAS 3º TRIMESTRE 2012



01/07/2012

### **EsCULcA pede a retirada parcial da nova ordenanza de Compostela. Por quebrantar o principio de igualdade.**

En escrito enviado ao Concello de Compostela, EsCULcA solicita que sexan eliminados catro artigos da Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalación e Ocupacións da Vía Pública aprobada por ese concello por considerar que provocarán a exclusión discrecional do tecido asociativo e popular do uso da via pública quebrando o principio de igualdade.

<http://www.esculca.net/web/node/3035#.UG6ru65S6a8>



03/07/2012

### **Condenados outros tres sindicalistas. Neste caso pola súa participación na folga do comercio de 2009**

O Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra condenou tres sindicalistas a tres anos e un día de prisión pola súa participación na folga de comercio de alimentación en 2009. Unha sentenza considerada absolutamente desmedida e cuxo obxectivo sería criminalizar o sindicalismo e limitar a súa capacidade de actuación na defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores.

<http://www.esculca.net/web/node/3040#.UG6sJa5S6a8>



09/07/2012

2

## **A xuíza Nuria Fachal arquiva outra denuncia de EsCULcA por vulneración dos dereitos de persoas presas**

Nuria Fachal, titular do xulgado de instrución nº 1 de Betanzos, acaba de archivar a denuncia que EsCULcA apresentou o pasado 11 de xuño contra funcionarios do cárcere de Teixeiro por vulneración de dereitos de persoas presas. Como en ocasións anteriores, a coñecida xuíza de Betanzos resolve a denuncia nun auto carente de motivación.

<http://www.esculca.net/web/node/3055#.UG6tJq5S6a8>



13/07/2012

## **O colexio de Avogados de Compostela actúa mentres a xurisdición se oculta**

O colexio de avogados de Compostela acaba de estimar a queixa formulada pola letrada dona R.G. en relación á inadmisibel restrición do dereito de comunicación entre ela e o seu defendido F.J.F.C., preso no C.P. De Teixeiro. A restrición foi efecto da actuación de varios funcionarios que impediron a entrega de documentos necesarios para a defensa.

<http://www.esculca.net/web/node/3064#.UG6ta65S6a8>



18/07/2012

## **59.146 asinaturas a favor da non aplicación do decreto 16/2012**

Despois de o PP vetar no Parlamento galego o debate da ILP, avalada por case 45.000 sinaturas, contra o decreto 16/2012, que entrará en vigor o 1º de setembro, Amnistía Internacional, Médicos do Mundo e Rede Acolle, co apoio do FGI e SOS Sanidade Pública entregaron 59.146 sinaturas para exixir que a Xunta non aplique esta norma regresiva e discriminatoria.

<http://www.esculca.net/web/node/3071#.UG6tnK5S6a8>



18/07/2012

## **EsCULcA solicita ao Delegado do Goberno na Galiza medidas para evitar novos incumprimentos da normativa 13/2007**

Com data 17 de julho, EsCULcA registou escrito dirigido ao Delegado do Governo em que solicita sejam cursadas as ordens correspondentes a fim de que se assegure que todos os agentes actuantes dos corpos policiais cumpram a instrução 13/2007 e levem em lugar visível a placa identificativa, segundo Recomendação da Defensoría del Pueblo ao Ministério de Interior

<http://www.esculca.net/web/node/3072#.UG6tyK5S6a8>



23/07/2012

## **EsCULca lembra que a presenza institucional em actos religiosos é contrária à aconfessionalidade do estado**

Como em ocasións anteriores, EsCULca dirixiu-se tamén este ano ao Presidente da Junta de Galiza, à Presidenta do Parlamento Galego e ao Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza para lhes lembrar que a súa presenza institucional na chamada Oferenda ao Apóstolo contraria abertamente o carácter aconfesional que a constituíção reconece ao R. de E.

<http://www.esculca.net/web/node/3078#.UG6uGa5S6a8>



23/07/2012

## **Ofrenda ao apóstolo. EsCULca lembra a Currás Fernández as súas obrigas legais**

"...foi electo e nomeado para exercer as funcións que lle atribuen as Leis [...] todas as potestades e funcións que ten atribuídas pola Constitución e as Leis son exclusiva e estritamente de carácter civil. [...] é a cidadanía, como tal e non como agregado de crentes/non crentes, a que exerce a súa soberanía votando para a xestión das institucións públicas."

<http://www.esculca.net/web/node/3079#.UG6uOa5S6a8>



23/07/2012

## **Sentenza favorável ao recurso interposto por Briga contra a prohibición de manifestación o día 24 en Compostela**

A Sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza pronunciou sentenza o 23 de xullo estimando o recurso interposto pola asociación xuvenil Briga contra a resolución da Delegación de Goberno. A resolución prohibía a manifestación que o colectivo tiña previsto realizar en Compostela, ao igual que en anos anteriores, no serán do día 24.

<http://www.esculca.net/web/node/3080#.UG6uWq5S6a8>



24/07/2012

4

## **Dereitos devaliados. Carta aberta ao Delegado do Goberno na Galiza**

Señor Delegado, próximas xa as concentracións e manifestacións que se celebrarán os días 24 e 25 de xullo, dirixímonos a V. por medio desta carta aberta para amosar públicamente a fonda preocupación que produce a EsCULcA a devaliada situación dos dereitos e liberdades no noso país, calificada por un compañeiro do Observatorio como “estado de dereito de baixa intensidade”

<http://www.esculca.net/web/node/3081#.UG6ud65S6a8>



24/07/2012

## **EsCULcA observa a gestom da ordem pública os días 24 e 25 em Compostela**

Como vem facendo desde que em 2011 organizara os primeiros grupos de observaçom, equipas de EsCULcA observarám também este ano, os días 24 e 25, a gestom da ordem pública e o respeito do exercicio do dereito de concentraçom e manifestaçom nos diversos actos convocados em Compostela. Ver aqui a comunicaçom à Delegaçom do Goberno.

<http://www.esculca.net/web/node/3082#.UG6uja5S6a8>



05/08/2012

## **Onde non chegan os recortes. Preces con diñeiro público nos hospitais galegos**

A condición dos sacerdotes nos centros sanitarios non variou desde 1995, ano en que Romay Beccaría, entón conselleiro de Sanidade, e Gómez González, bispo de Lugo e representante das dioceses galegas, asinaron o convenio cadro para a asistencia relixiosa católica nos hospitais públicos que aínda rexe as relacións entre o Sergas e a Igrexa.

<http://www.esculca.net/web/node/3094#.UG6u-K5S6a8>



06/08/2012

## **"A escolta de Rajoy abusa da súa autoridade", denuncia El Correo Gallego**

"Pouco antes do sete da tarde, minutos antes de que Rajoy abandonase a súa residencia provisional, tres membros do corpo de policía encargados da custodia do mandatario pediron a documentación aos nosos xornalistas, confirmaron no medio no que prestaban servizo,[...] e obrigáronos a afastarse do lugar no que esperaban a saída da comitiva".

<http://www.esculca.net/web/node/3096#.UG6vEq5S6a8>

4



14/08/2012

5

## **O Colexio de Xornalistas "indignado" pola detención do foto-reporteiro Rafael Estévez**

A institución solicitará unha queixa formal á Delegación do Goberno pola violenta detención de Rafael Estévez, que cobraba a chegada do/as atletas galega/os ao aeroporto de Peinador. Asemade, solicitará unha entrevista co seu titular polo que afirman 'non é primeira ocasión nos últimos meses en que temos dirixirnos a esta institución por motivos similares'.

<http://www.esculca.net/web/node/3109#.UG8XP65S6a8>



20/08/2012

## **A AN impede preso independentista asistir ao funeral do pai**

A Audiencia Nacional impede ao preso independentista galego Roberto Rodriguez Fialhega (Teto) asistir ao enterro do pai, que tivo lugar o 19 de Agosto en Sober, pola vía de non responder á súa solicitude de permiso por razóns humanitarias que o preso cursara logo de coñecer a súa morte, segundo informa o portal do colectivo anti-represivo [Ceivar](#).

<http://www.esculca.net/web/node/3117#.UG6vcq5S6a8>



02/09/2012

## **Denunciam segregación sanitária**

"Ainda que a Consellería de Sanidade e Feijóo anunciasssem a “bombo e platillo” a posta em marcha dum programa para pôr solución ao problema da atención sanitária “dos sem papéis”, tudo parece indicar que se trata de mais un apanho eleitoralista e demagógico ao calor da convocatória das eleccións galegas", afirma a CUT, que convoca atos de protesto.

<http://www.esculca.net/web/node/3135#.UG6v8a5S6a8>



10/09/2012

## **Razóns para seguir atendendo a/os inmigrantes**

"Estamos vivindo un momento bastante grave de desintegración da sanidade pública no noso país. O Goberno do PP decidiu utilizar o grupo de inmigrantes irregulares como chibo expiatorio, excluíndoos da atención sanitaria nun primeiro paso de segmentación do sistema sanitario en España", afirma nun comunicado a Asociación para a Defensa da Sanidade Pública.

<http://www.esculca.net/web/node/3148#.UG6w9a5S6a8>



13/09/2012

## **Xulgadas 6 persoas en Ferrol por retiraren alimentos dun supermecado**

Os feitos que se enxuizan aconteceron o 6 de xuño, durante unha acción simbólica para visibilizar a situación de "emerxencia social" que vive a comarca, cos niveis de desemprego máis altos do estado. Os produtos substraídos teñen un valor de 25€ e, se a policía española non o tivese impedido, terían sido entregados na Cociña económica.

<http://www.esculca.net/web/node/3160#.UG6xW65S6a8>



15/09/2012

## **Policías non identificados denuncia varias persoas na Coruña por un bloqueo "que non se produciu"**

Varias persoas recibiron a finais de agosto notificación de abertura de expediente sancionador por suposto bloqueo da entrada da sede do PP na Coruña nunha protesta contra os recortes. A denuncia, "chea de erros", baséase na "declaración policial" e na identificación de varias persoas hora e media despois de disolverse a concentración.

<http://www.esculca.net/web/node/3163#.UG6xoK5S6a8>



15/09/2012

## **Altos cargos da Xunta e o Parlamento asisten a misa como representantes institucionais**

As dúas principais institucións do país inclúen mañá actos relixiosos nas súas axendas oficiais. Na da Xunta figura a asistencia do conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, á misa do barrio de Covadonga, en Ourense. Pola súa banda, a presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, acudirá á procesión das mortallas da Pobra do Caramiñal, na honra do Divino Nazareno, patrón da vila.

<http://www.esculca.net/web/node/3164#.UG6xzK5S6a8>



18/09/2012

7

## **EsCULcA solicita a non aplicación da detención incomunicada a catro detidos en Vigo**

O pasado 17 de Setembro, EsCULcA dirixiu escrito ao Xulgado de Instrucción núm 5 da Audiencia Nacional interesando o alzamento/inaplicación do rexime de detención incomunicada ás catro persoas detidas en Vigo o día 15 e posteriormente trasladadas a Madrid. Lembra que este rexime de detención foi criticado por diversos organismos internacionais.

<http://www.esculca.net/web/node/3169#.UG6x6q5S6a8>



18/09/2012

## **Imperio da Lei e Oportunismo Político. Persoas presas con doenzas graves**

30 xuristas de Galiza publicaron o pasado día 17 un [escrito](#) en que deploran os excesos retributivos de que fixeron gala representantes institucionais en relación ao "caso Iosu Uribetxevaria" ao tempo que avogan polo respecto das regras do xogo e o imperio da lei e demandan políticas penitenciárias que salvaguarden a dignidade da persoa e o principio de humanidade das penas.

<http://www.esculca.net/web/node/3171#.UG6yBa5S6a8>



21/09/2012

## **Militantes independentistas detidos denuncian torturas psicolóxicas e ameazas**

Após tres días incomunicados, esgotando as 72h que fixa a lei, tres dos detidos na madrugada do pasado domingo pasaron esta cuarta a disposición xudicial e a AN decretou o seu ingreso nos penais españois de Soto del Real e Alcalá Meco. Denunciaron torturas psicolóxicas e ameazas a si propios e ás familias. O xuíz Ruz anuncia que investigará os feitos.

<http://www.esculca.net/web/node/3178#.UG6yNK5S6a8>



21/09/2012

## **Denuncian novas restricións no acceso á xustiza**

Un grupo de profesionais da xustiza convoca un acto de protesta contra o proxecto de lei de taxas xudiciais, publicado no Boletín do Congreso dos deputados o pasado 7 de setembro, máxima expresión dos continuos recortes ao acceso universal á xustiza garantido por Lei hai 25 anos. Será o día 28 às 12 fronte ao edificio xudicial de Vigo.

<http://www.esculca.net/web/node/3179#.UG6yaK5S6a8>



29/09/2012

## **Protestam nos juzgados de Vigo contra o aumento das taxas judiciais**

Entre 500 e 600 juristas (incluídos algúns membros da fiscalía) e persoas do quadro de administración dos juzgados de Vigo manifestáronse onte diante dos edificios judiciais e na Delegación de Facenda para protestar contra o aumento das taxas judiciais, nomeadamente nos procedementos civís e contencioso-administrativos que elimina a tutela judicial efectiva.

<http://www.esulca.net/web/node/3197#.UG6ypq5S6a8>

Galiza, 7 de setembro 2012